

Prólogo

XULIO FERREIRO BAAMONDE

Universidade da Coruña.

A presente publicación ten a súa orixe no proxecto de investigación que, baixo a miña coordinación formal, presentamos os profesores da Universidade da Coruña, Xosé Manuel Carril, profesor titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, José Ángel Brandariz, profesor titular de Dereito Penal e eu mesmo, profesor contratado doutor de Dereito Procesual, presentamos á convocatoria de Proxectos de Investigación en cooperación para o desenvolvemento 0.7% da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña, baixo o título “Erradicación das contradicións nas políticas de implementación dos dereitos humanos nos países empobrecidos”. Neste Proxecto pretendiamos indagar baixo un punto de vista xurídico, pero ao mesmo tempo multidisciplinar, os problemas e os contrasentidos que provocan as políticas de implementación e promoción nos dereitos humanos nos, de xeito cotián denominados, “países en vías de desenvolvemento”, mais que nós preferimos denominar “empobrecidos”, para salientar, por unha banda, o carácter “artificial” ou provocado da pobreza, así como pola outra, poñer en cuestión a idea de que o empobrecemento é un mero chanzo no camiño cara o desenvolvemento, como meta única e inevitábel.

Como é sabido, o 10 de decembro de 1948, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou e proclamou a Declaración Universal de Dereitos Humanos, que aparece concibida “como ideal común polo que todos os pobos e nacións deben esforzarse, a fin de que tanto os individuos como as institucións, inspirándose constantemente nela, promovan, mediante o ensino e a educación, o respecto a estes dereitos e liberdades, e aseguren, con medidas progresivas de carácter nacional e internacional, o seu recoñecemento e aplicación universais e efectivos, tanto entre os pobos dos Estados Membros como entre os dos territorios colocados baixo a súa

xurisdición”. Formalmente, foi adoptada e proclamada pola Resolución da Asemblea Xeral 217 A (iii) do 10 de decembro de 1948. Tras este acto histórico, a Asemblea pediu a todos os Países Membros que publicasen o texto da Declaración e dispuxesen que fose “distribuído, exposto, lido e comentado nas escolas e outros establecementos de ensino, sen distinción fundada na condición política dos países ou dos territorios”.

Precedida dun preámbulo, en que se conteñen sete “considerandos” de moi diversa transcendencia, a Declaración conta cun total de 30 artigos. Trátase dunha trintena de preceptos que poden clasificarse desde moi diferentes puntos de vista, aínda que para os efectos deste proxecto de investigación interesa un moi concreto, que é o da súa posíbel incardinación nas distintas disciplinas científicas que integran o Dereito. En efecto, sempre sobre a base de que, por exemplo, hai dereitos especificamente relacionados co traballo e a protección social (entre outros, os artigos 4, 22, 23, 24 e 25), coa protección fronte ao poder represor do Estado (entre outros, os artigos 5, 7 e 9) e coa tutela xudicial efectiva (entre outros, os artigos 8, 10 e 11), resulta comprensíbel que os dereitos humanos recoñecidos pola Declaración poidan igualmente estudarse desde as parcelas xurídicas do Dereito do Traballo e da Seguridade Social, do Dereito Penal e do Dereito Procesual.

Porén, a finalidade do proxecto non era a de deterse no estudo desta posible clasificación dos dereitos humanos, senón na súa aplicación e, máis concretamente, na súa implementación nos países empobrecidos por toda a problemática que isto leva nunha etapa da historia na que as tres “liberdades liberticidas” sobre as que se sustenta a orde económica mundial ultraliberal (liberdade de circulación de capitais, liberdade de investimento e liberdade de circulación de bens e servizos ou libre cambio) teñen acentuado as diferenzas –principalmente económicas– entre países enriquecidos e países empobrecidos. Unha problemática cuxa solución parece atoparse na necesidade de recoñecer abertamente que toda política de aplicación de dereitos ten o seu custo económico, e que en non poucas ocasións, as políticas relacionadas cos dereitos humanos, aínda que non discutidas na retórica sistémica, subordínanse aos esquemas de relacións de poder e dominación económica.

Desde logo, trátase dunha problemática real, que xa teñen manifestado os países empobrecidos en multitude de ocasións. Unha delas foi, por exemplo, nas diversas conferencias ministeriais celebradas no seo tanto do

Acordo Xeral sobre Aranceis Aduaneiros e Comercio como no da Organización Mundial do Comercio, sempre a propósito da inclusión de cláusulas sociais no desenvolvemento do comercio internacional. E é que os países empobrecidos consideran que o cumprimento dos dereitos humanos que demandan os países enriquecidos oculta unha forma de proteccionismo que os países industrializados e os grupos de interese especiais dentro deles queren impor precisamente para evitar os prexuízos económicos das importacións baratas e de calidade superior dos países empobrecidos. Por outra banda, non é anecdótico ver como os países do Norte condicionan as políticas de cooperación ao cumprimento de medidas que pouco teñen que ver coa promoción dos Dereitos Humanos, cando non as conculcan directamente, como o establecemento de zonas francas, de “liberdade económica”, ou de controis de poboación (migrante, presuntos terroristas, etc.).

Sempre sobre a base de que o respecto dos dereitos humanos en todos os países é unha meta irrenunciábel, a finalidade do proxecto de investigación foi a de indagar nas contradicións —e a hipocrísía— existentes en certas políticas de implementación destes, e isto tendo en conta que estas políticas en moitas ocasións non inciden nas causas que, ademais de contribuír ao empobrecimento de tales países, impiden o recoñecemento real e efectivo dos dereitos humanos.

Para tales efectos, tentamos enfocar a análise material dende o punto de vista das nosas especialidades académicas, o Dereito Laboral, o Dereito Penal e o Dereito procesual penal, a través de tres momentos de actuación. Nun primeiro momento, procedemos á recompilación das fontes —principalmente legais— existentes ao respecto. Nunha segunda etapa, tentamos a posta en común do noso traballo con asociacións e entidades que traballasen en cooperación e respecto aos dereitos humanos especificamente relacionados co traballo e a protección social, e control social nos países empobrecidos. Por último, nunha terceira fase proxectouse expor e facer público este traballo común. Nestes dous últimos chanzos quixemos ter a oportunidade de discutir os enfoques teóricos cos axentes sociais con experiencia na materia. Isto fixémoslo a través dun *workshop* que se celebrou o 15 de outubro de 2009 na Facultade de Dereito da Coruña, ao que acudiron, ademais dos investigadores que participabamos no proxecto, representantes de Intermón/Oxfam, Amnistía Internacional, Amarante, Esculca, Equus Cebra, Asemblea de Migrantes da Coruña, Aserer Teranga, Paz e Solidariedade e Coordinadora Galega de ONGs.

Finalmente quixemos culminar o traballo facendo unha exposición pública das reflexións realizadas durante todo o proceso de desenvolvemento do proxecto de investigación, o que fixemos a través dunhas Xornadas de carácter internacional, “Dereitos Humanos e países empobrecidos: Contradicións nas políticas de cooperación ao desenvolvemento”, que se celebraron na Facultade de Dereito da Coruña os días 1 a 4 de decembro de 2009. Esta publicación recolle algunhas, non todas, das intervencións que alí se realizaron.

As xornadas foron divididas segundo diferentes eixos temáticos. O primeiro deles foi a análise das políticas de cooperación na promoción dos dereitos humanos e as posíbeis contradicións nas que as ONGs, como actores relevantes na materia poden chegar a incorrer. Para isto puidemos contar con José Luis Pastoriza da Coordinadora Galega de ONGs e José Luis Quintela de Intermon/Oxfam. Estes puxeron de manifesto as relacións entre pobreza e respecto aos dereitos humanos, así como o papel das ONGs nas políticas de loita contra a primeira e de promoción dos segundos. Concretamente, no artigo que abre este volume, José Luis Pastoriza aborda a conciliación da axenda internacional dos dereitos humanos coa nova axenda do desenvolvemento a través do traballo de incidencia política das ONG. Para Pastoriza, un elemento básico de consenso na análise do novo marco dos dereitos humanos e o traballo das ONG consiste en que os movementos sociais e populares están a empregar os dereitos humanos como base para as súas demandas de xustiza social. Ao mesmo tempo, este enfoque en dereitos humanos implica a necesidade de revisar o funcionamento das ONGs, tanto na súa estrutura, como nas relacións co poder establecido. Ao fío desta proposición inicial, estúdanse as denominadas políticas de incidencia como eixo da actuación das ONGs – principalmente do Norte – en relación cos Dereitos Humanos, e como estas políticas están sendo reconfiguradas polo uso das novas tecnoloxías e a inmersión nos movementos globalizadores, de xeito se están a converter en actores fundamentais dos novos sistemas de gobernanza mundial, o que lles dá a posibilidade de realizar verdadeiras accións transformadoras e actuar como actores políticos en defensa dos valores que promoven. Ao mesmo tempo, alerta dos perigos deste novo posicionamento e fai mención das posíbeis contradicións, que estarían na apropiación polo sistema da retórica das ONGs e do seu labor de incidencia, que podería ser capitalizado polas forzas que precisamente contribúen a aumentar a pobreza e a impedir o respecto aos dereitos humanos en boa parte do Sur global.

A segunda das liñas temáticas abordadas durante as Xornadas, adicouse á problemática específica dos migrantes, como persoas que serven de ponte entre países empobrecidos e países enriquecidos, e que portan consigo as contradicións sistémicas e, máis concretamente, as que os converten en suxeitos cuxos dereitos son conculcados unha e outra vez como resultado do seu sometemento ás lóxicas de control do fluxo de persoas Sur/Norte.

José Ángel Brandariz analiza, entre outras cousas, as políticas que poderíamos denominar, de *out-sourcing* da represión, neste caso, contra os migrantes. Por unha banda, expón como en moitos casos as políticas de cooperación – Plan África, p.ex. – están supeditadas á colaboración na xestión dos fluxos migratorios e no acometido por parte dos estados receptores da colaboración das “tarefas suxas” nesta materia, a través de internamentos irregulares e outras medidas claramente lesivas aos dereitos fundamentais. Neste proceso xogan, ademais, un papel fundamental actores relevantes das políticas de cooperación, como poden ser as ONGs. Tamén explica como as persoas provintes de países do Sur non acadan desprenderse do seu rol de suxeitos pasivos destas políticas lesivas dos dereitos humanos, posto que a súa condición de migrante xustifica un tratamento nos países de destino – no Norte – que non se xustificaría doutro xeito (controis policiais selectivos, internamentos para a execución das ordes de expulsión, perda dos principios rehabilitadores das penas privativas de liberdade, etc.).

Pola súa banda, Agustina Iglesias aprofunda o tratamento da problemática das políticas de dereitos humanos e os fluxos migratorios, introducindo unha perspectiva de xénero ao focalizar a cuestión no tratamento da trata de mulleres para a explotación sexual. Iglesias pon de manifesto como a miúdo tralo discurso dos dereitos agáchase o da victimización das mulleres e, en consecuencia, o seu tratamento como seres incapaces de decidir autonomamente e, por isto, suxeitos a doses de control máis intensas na xestión dos fluxos migratorios, o que, de xeito paradoxal, incide na contravención aos seus dereitos como persoas.

Estas dúas contribucións académicas foron enriquecidas coas experiencias en primeira persoa de El Hadji Ousmane Ndione, da Asemblea de Migrantes de Madrid, de Diao Mohamadou Doutarou, da asociación de migrantes senegaleses na Coruña, Aseser Teranga, e de Marta Vázquez Pena, representante da Asemblea de migrantes da Coruña. A intervención

de todos/as eles/as serviu para situar en primeira persoa os marcos teóricos anteriormente establecidos.

O terceiro eixo desenvolvido é o relativo á conexión entre dereitos humanos e Dereito do Traballo, ou mellor dito, o que nos leva á consideración dos dereitos sociais e laborais como verdadeiros dereitos humanos, posto que, sen unhas condicións para asegurar o dereito a unha vida digna, dificilmente se poden desenvolver todos os demais. Neste eido, o texto de Xosé Manuel Carril incide na problemática das cláusulas sociais como elementos que poidan introducir os principios da xustiza social no ámbito das relacións económicas a nivel internacional. Carril amosa como as políticas de desenvolvemento económico – consideradas por moitos un prius dos dereitos humanos – contribúen de facto a manter un baixo nivel de respecto aos dereitos laborais, non só nos países empobrecidos, senón tamén nos países enriquecidos, producindo unha aproximación na situación real das clases traballadoras nos territorios de ambos, o que leva á súa vez a un achegamento entre o Norte e o Sur globais, non nun supostamente desexábel horizonte de desenvolvemento, senón, ao contrario, na introdución do subdesenvolvemento e a pobreza para as clases asalariadas do primeiro mundo en orde a reducir a “vantaxe comparativa” que pode supor a diferenza entre éxito e fracaso no competitivo comercio global. Carril salienta certas contradicións na discusión sobre dereitos laborais e desenvolvemento, como a postura dos propios Estados empobrecidos, contrarios a desenvolver os dereitos laborais dos seus cidadáns, na procura de rebaixas de custes que provoquen a atracción de investimentos estranxeiros, na esperanza de que isto posibilite o desenvolvemento económico a longo prazo, ou das organizacións empresariais dos países enriquecidos (e globais) no desexo incesante de reducir estas vantaxes comparativas entre territorios enriquecidos e empobrecidos.

Un sector onde os problemas de respecto aos dereitos humanos en relación coa produción e o comercio internacional son se cadra máis agudos é no da industria téxtil. Fernanda Couñago presentounos a campaña Roupas Limpas, cuxa representante en Galiza é a asociación á que ela pertence, Amarante. Na chegada de Couñago, pódese comprobar a dureza que a subordinación da ética dos Dereitos á ética do beneficio empresarial pode ter na vida cotiá das persoas (mulleres, nomeada e novamente) e a oposición feroz que se atopan mesmo as iniciativas máis tímidas destinadas a paliar esta situación. Como no panel anterior, tamén puidemos poñer cara a estas

situacións, a través da persoa de Reyna Elisabeth Domínguez da Central General de Trabajadores de Honduras, traballadora da industria maquileira neste país de Centroamérica, parte de cuxa intervención reproducimos neste volume.

A última das liñas argumentais das Xornadas tivo como eixo temático unha das problemáticas clásicas das discusións sobre Dereitos Humanos, como son os límites destes e a tensión entre o seu respecto e a garantía para a seguridade das poboacións. Este tema, sen embargo, tal e como Yasha Maccanico nos demostra, ten adquirido nova actualidade polas emerxencias securitarias propias deste Século XXI, producíndose un cambio radical no xeito de tratarse o asunto en Europa occidental a partir do 11S. Efectivamente, a loita contra o inimigo interior – o excluído social, o migrante – e o exterior – o terrorista -, que moitas veces se confunden, está a provocar a adopción de medidas que poucos anos antes terían sido tomadas por imposíbeis de acordo coa cultura xurídica europea, mesmo co desprezo aos órganos de protección dos Dereitos Humanos existentes no Continente. Esta loita tamén, como se sinalaba en achegas anteriores, exerceuse nun espazo onde o dentro e o fóra está difuminado. Novamente a fronteira esváese e multiplícase. E novamente vemos como as políticas de cooperación ao desenvolvemento se subordinan ás lóxicas securitarias, onde a pobreza e a exclusión se converten en factores de perigosidade e como tal son tratados. A cooperación convertida en chantaxe, chega a dicir Maccanico, con exemplos bastante ilustrativos, como os acordos ao efecto entre Libia e Italia.

Nunha liña semellante, Luis González Ares expón as incidencias que a nivel internacional ten provocado a chamada “guerra contra o terror”, capitaneada polos EE.UU. tralos atentados do 11 de setembro de 2001. Como consecuencia desta, na última década os países máis poderosos do planeta e, en teoría democráticos, teñen promulgado unha doutrina global de seguridade que lles ten permitido minar os dereitos humanos con total impunidade, e mesmo promover a súa vulneración máis alá das súas fronteiras. Ao usarse o termo “guerra”, denegaron a aplicación dos dereitos humanos e das liberdades civís, reducidos en calquera conflito militar, de xeito que, tal e como González Ares expón, o entramado xurídico internacional tense demostrado inútil á hora de garantir o respecto aos dereitos humanos.

A pesar da aparente desconexión entre si das temáticas abordadas durante esta investigación, a conclusión é que os vínculos entre riqueza e pobreza e Dereitos Humanos, así como os problemas de implementación destes nos diversos eidos están máis preto do que unha primeira ollada podería facer supor. Tanto no ámbito laboral, como no securitario, as políticas de promoción – ou cando menos respecto – aos Dereitos Humanos atópanse subordinadas á consecución doutras fins non explícitas, fins que teñen que ver co desenvolvemento e pervivencia dun concreto sistema económico e social. Dúas das achegas europeas ao acervo global, como son o sistema económico liberal e os dereitos das persoas, nados ambos das revolucións burguesas como reacción fronte á arbitrariedade do Antigo Réxime, téñense demostrado, a estas alturas da historia, incompatíbeis. Se algo se pode concluír trala lectura das liñas que seguen a esta introdución é que, pese ás retóricas, o respecto efectivo aos dereitos humanos subordináanse totalmente ás necesidades do sistema económico capitalista na fase actual, é dicir, a da globalización. Poderemos comprobar cómo as persoas son reducidas a mera forza de traballo nos procesos migratorios, sendo desposuídas, en consecuencia, dos atributos de dignidade que lles corresponden, tratados como mercadoría, pechados sen teren cometido delito ningún, e sometidos a múltiples técnicas de control que aseguren a súa docilidade e o acatamento da precariedade vital que se lles impón para atender ás necesidades de traballo flexíbel do sistema económico. Veremos como se desligan as condicións de traballo dos acordos internacionais reguladores do comercio mundial, como se aproban regulacións que se abstraen da existencia de persoas tralos obxectos de comercio, que esquecen as condicións de vida para millóns de persoas que os acordos sobre comercio internacional imponen. Viviremos estas consecuencias en primeira persoa, a través do exemplo da industria téxtil. Comprobaremos que as consecuencias do deterioro vital cada vez respectan menos a diferenza países empobrecidos / enriquecidos, e como o resultado desta indiferenciación en termos de exclusión social e marxinação dentro dos países do Norte provoca un deterioro irreversible dos dereitos humanos, xa que estas son tratadas en termos exclusivos de criminalidade, a través de políticas de excepción que se normalizan, se exportan aos países empobrecidos – ás veces disfrazados de cooperación – e se globalizan.

Ao cabo, cumprirá preguntarse en que medida o sistema económico da globalización neoliberal é compatíbel co respecto global aos dereitos humanos. Naomi Klein cuestionábase en *A doutrina do Shock* sobre

a compatibilidade entre o sistema económico neoliberal e a democracia, dado que o completo desenvolvemento do programa daquela só parecía ser posíbel en ausencia desta. Dun xeito semellante, a reflexión que se pode tirar tras esta investigación é que este mesmo sistema económico, no seu avance desenfreado, esixe eliminar cada vez máis e máis ámbitos protexidos polos dereitos fundamentais, facer estes máis pequenos, excluír cada vez a máis persoas como suxeitos destinatarios dos mesmos.

Quixera rematar estas liñas agradecendo, en nome de todo o equipo investigador, a participación neste Proxecto de todas as persoas que colaboraron no mesmo, á Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC, polo financiamento e apoio durante o desenvolvemento do proxecto, a quen nos axudou na organización das xornadas, desenvolvendo o labor da secretaría académica – Agustina Iglesias e Marta Vázquez –aos diversos representantes de asociacións e ONGs, así como particulares que asistiron ás xornadas e enriqueceron a discusión e o debate, así como ao Servizo de Publicacións da UDC pola súa colaboración con este volume.

Na Coruña, novembro de 2011